



COLEXIO DE CERVO

PROXECTO DE ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E AUDIOVISUAL

- A. INTRODUCCIÓN
- B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN.
- C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.
- D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.
- E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.
- F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS
- G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.
- H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.
- I. AVALIACIÓN.

3, 2, 1
ACCIÓN!

UN COLEXIO
DE
PELÍCULA



COORDINADO POLA
BIBLIOTECA DO
COLEXIO DE CERVO
BIBLIOCERVO

Rúa Pedrouzo, s/n - 27891 -
Cervo (Lugo) Teléfono: 982870207
Enderezo Electrónico:
ceip.cervo@edu.xunta.es
<http://bibliocervo.blogspot.com/es/>

A. INTRODUCCIÓN

1. Contextualización e xustificación.

O Colexio de Cervo está situado no concello do mesmo nome, na Mariña de Lugo. Somos un colexio do rural, pequeno e cunha matrícula de 110 alumnos procedentes do concello e das súas aldeas. Conta con tres unidades de infantil e seis de primaria. O claustro está formado por 16 mestras e mestres, sendo a maioría definitivo, o que facilita a continuidade no traballo da biblioteca e a coordinación entre o profesorado. Cabe destacar que estamos moi orgullosos de atoparmos nun enclave privilexiado da xeografía galega, xusto ao lado da Fábrica de Cerámica de Sargadelos, o cal imprime dun carácter especial ao noso centro e á nosa comunidade educativa, cunha especial sensibilidade artística. Como é visible, a pegada de Sargadelos está por todo o colexio.



Sempre participamos en proxectos de formación e de innovación, baixo a coordinación da biblioteca, para mellorar a nosa práctica docente. Dos antigos GT e SP pasamos a pertencer á rede de centros COMBAS e posteriormente á realización de PFPP.

No ano 2008 comezamos a formar parte do PLAMBE e no 2010 recibimos o Premio de Boas Prácticas do MEC, ámbalas dúas cousas nos deron un pulo importante cara á consecución dos nosos obxectivos.

Nestes anos son moitos os Proxectos Interdisciplinares e tamén PDI que fomos desenvolvendo, pero cabe resaltar o feito de que todos eles xiraron arredor dun eido común, a ARTE. A arte en todas as súas vertentes. Dende aqueles primeiros tempos que comezamos con "Lendo e pintando", "Lendo e creando", "A arte que nos rodea", "A arte na cociña" (fotografía), "Cántame un conto" (música) para rematar **este último ano con "Un colexio de película"** no que incidimos sobre o cine, o sétimo arte, e a alfabetización mediática e audiovisual, no eido das alfabetizacións múltiples.

Así, durante este curso, o 100% do profesorado e do alumnado, coa cooperación activa de toda a Comunidade Educativa e outros organismos, integramos na nosa práctica docente o proxecto interdisciplinar "3, 2, 1 acción: Un cole de película!", para o cal desenvolvimos simultaneamente un Proxecto de Formación Permanente de Profesorado con dous itinerarios, un sobre "**Biblioteca Escolar, alfabetizacións múltiples e traballo colaborativo**" e outro sobre "**Ferramentas de Autor e materiais dixitais**", nos que participou o 75% do Equipo Docente e por suposto os membros do Equipo de Biblioteca. Tamén desenvolvimos, dentro do **Plan Proxecta**, o programa "**NÓS TAMÉN CREAMOS**", participando no posterior concurso da CRTVG e recibindo unha mención na categoría de Infantil, pola curta "A princesa que bocexaba a todas horas".

Todo este proceso xurdiu das inquedanzas que sentiamos por mellorar a nosa práctica docente e por ampliar a implicación da **Biblioteca Escolar** na adquisición das competencias clave do alumnado, de xeito que se convertira no eixe sobre o que xirara o desenvolvemento do proceso de E-A e o Proxecto Educativo do Centro. Tamén aspirabamos a ser un motor cultural o suficientemente dinámico que fora capaz de integrar a toda a comunidade educativa e ofertarlle e ofrecerlle oportunidades únicas.

Así, durante este curso elegimos seguir profundando no Arte neste proxecto global de centro que coordinou a biblioteca, esta vez no eido cinematográfico, o cal nos serviu para enlazar o traballo por competencias dun xeito multidisciplinar e globalizado. Eleximos este tema para continuar o traballo que se vén realizando no centro, dende hai anos, de apoio ao Arte, en todas as súas vertentes, e que, cremos, configura un dos pilares fundamentais da chamada Alfabetización múltiple. *“Si el encuentro con el cine no se produce en la escuela, hay muchos niños para quienes es muy probable que no se produzca jamás”...* (Bergala, Alain – 2007)

2. Planificación para a súa integración no currículo, organización e temporalización.

Este proceso comezou no mes de xuño do curso pasado. Foi durante este mes cando o equipo de biblioteca definiu as directrices sobre as que se ía asentando este proxecto, que foi presentado ao claustro e ao consello escolar para a súa aprobación, polo seu carácter vinculante. A partir dese momento comezou un arduo proceso a través do cal se artellaron os mecanismos precisos para coordinarnos cos diferentes equipos e departamentos, posto que todos remamos nunha mesma dirección.

Para satisfacer as demandas do profesorado e do resto da comunidade educativa, así como para facilitarles o acceso ao proxecto, a biblioteca encargouse de actualizar e ampliar os fondos bibliográficos e videográficos para o seu desenvolvemento, buscar recursos dixitais e centralizalos no blog, elaborar materiais e organizar obradoiros de formación de usuarios, ALFIN, trípticos de recomendacións lectoras, actualizar os Itinerarios Lectores e programar as actividades complementarias a desenvolver. Este Plan anual facilitóuselle ao profesorado no mes de setembro de xeito que o puideron incorporar ás súas programacións de nivel. Asimesmo incluíuse na PXA e o mestre responsable da biblioteca incorporouse á CCP. Así pois, no 1º trimestre perfiláronse e concretáronse o groso do deseño das tarefas e actividades e no 2º e 3º trimestre aplicáronse, tratando de integralo en todas as áreas do currículo, dos diferentes niveis. Para isto, a parte das reunións que leva a cabo o Equipo de Biblioteca tamén facemos xuntanzas do equipo docente, tanto de Infantil como de Primaria, periódicamente, a instancias da Xefatura de Estudos onde se fan propostas e se concretan as actividades para o seu desenvolvemento.

Ao finalizar cada proxecto realizamos unha exhaustiva avaliación.

3. Alumnado/Profesorado.

Participou o **100% do alumnado e do profesorado**, dende infantil ata primaria. Algunhas áreas estiveron máis implicadas, como por exemplo a de artística, Investigación e Tratamento da Información e as linguas, como se pode comprobar no apartado seguinte, onde se fai referencia aos contidos curriculares e competencias nos que se incidiu. A pesar diso tamén se integrou o Proxecto dentro das Matemáticas, Valores Cívicos e as ciencias sociais.

4. Referencia aos contidos curriculares, competencias básicas, estándares e criterios de avaliación.

Tivemos en conta que segundo o RD 126/2014 do 28 de febreiro e o Decreto 105/2014 do 4 de setembro que establece o Currículo de Primaria en Galicia, son sete as competencias clave que o alumnado debe adquirir progresivamente e nas que incidimos en maior ou menor medida con este proxecto:

1. Competencia en Comunicación lingüística, porque facilita o diálogo, a conversación e a expresión oral, escrita e plástica das experiencias e emocións. Amplía as posibilidades de comunicación cos demais e de expresión persoal mediante a utilización de diferentes recursos. Axuda a buscar, seleccionar e procesar a información mediática e audiovisual, a comprender textos literarios, as figuras literarias e retóricas tan presentes no cine, a manexar diversas fontes de información, a gozar vendo, escoitando, lendo, relatando, argumentando, opinando e xustificando. Contribuíu a formar un espírito crítico e a ampliar o léxico referido a ámbito cinematográfico e á linguaxe audiovisual en xeral. **2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, porque axúdalle ao alumnado a interpretar a realidade a través da información dispoñible, utilizar e relacionar os números, o tempo, a secuenciación, a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións e a tomar conciencia da medida do tempo, da duración das escenas en relación co guión escrito, etc. **3. Competencia dixital** ao facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver os problemas reais que se propoñan relacionados co cine. Para formar persoas autónomas, eficaces, responsables, críticas e reflexivas ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como no uso das distintas ferramentas tecnolóxicas e de aplicacións sinxelas para crear audiovisuais. **4. Competencia para aprender a aprender**. Axudou a saber transformar a información en coñecemento propio, a ser perseverantes na aprendizaxe, administrar o esforzo, auto avaliarse e auto regularse. Afrontar a toma de decisións de forma crítica, gusto estético propio. Adquirir responsabilidades e compromisos persoais, confianza en si mesmo. **5. Competencias sociais e cívicas**, Axudou a percibir e comprender o mundo no que viven a través da imaxe, gozando del e valorándoo, a comprender sucesos e desenvolver actividades dirixidas á mellora e preservación das condicións de vida propia e das demais persoas. Procuramos incorporar habilidades para que se desenvolvan adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal no ámbito da saúde, coidado vocal, entoación, para a interpretación. Traballamos en grupo e de xeito colaborativo, valorando os traballos e ideas dos demais. Necesitamos usar habilidades de cooperación para conseguir un produto final e iso levou parello ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as iniciativas e contribucións alleas. **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**. Porque o alumnado adecuou os proxectos e as súas producións ás súas capacidades. Afrontou os problemas. Aprendeu dos erros. Buscou as solucións. Planificou proxectos persoais. Sacou conclusións. Estableceu diálogos. Autoavaliouse. Fomentouse a confianza en si mesmo e o espírito de superación, así como a toma de decisións con criterio propio. **7. Conciencia e expresións culturais**, mostraron curiosidade cara ás diferentes producións audiovisuais, nacionais e internacionais, que traballamos dende a escola. Valoraron o cine como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural. Foron capaces de valorar e reflexionar sobre películas de diferentes xéneros e sobre as súas temáticas. Viron e participaron activamente na creación de sinxelas producións audiovisuais ligadas á súa experiencia persoal, aos seus sentimentos e á súa contorna, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.

Na seguinte táboa pódese observar a relación entre os **obxectivos** que nos propoñiamos inicialmente e o seu grado de consecución ao finalizar o proxecto.

✓ **Obxectivos do proxecto “3, 2, 1 Acción: Un colexio de Película”**

- ❖ A biblioteca seleccionará libros de lectura deste tema para os itinerarios lectores, para o traballo dentro das aulas e para as exposicións; incrementando os seus fondos videográficos.
- ❖ Fará propostas de actividades que cada nivel adaptará ás súas necesidades: Os inicios do cine, irmáns Lumière: “A chegada do tren”, “Saída dos obreiros da fábrica”, “O regador regado”, introdución ao linguaxe audiovisual (tipos de planos, guionización, descrición de personaxes, escenografía...), diferentes xéneros cinematográficos, o “Minuto Lumière”, introdución do cine, de documentais e de storyboards como recursos nalgunhas UDI(s)...
- ❖ Coñecer actores e directores galegos.
- ❖ Contactar e contar co apoio de profesionais do medio e programar visitas relacionadas.
- ❖ Crear unha sección específica para este proxecto dentro do blog, onde incluímos os recursos, enlaces, aplicacións libres e as producións do equipo e do noso alumnado.
- ❖ Fomentarase a creación de pequenas curtas por parte do alumnado usando ferramentas sinxelas, para o cal os mestres e a biblioteca funcionarán de “Regulador Mediático” (Martina Chapman), que ensinarán ao alumnado a ligar as súas producións escritas e audiovisuais ás vivencias persoais e aos sentimentos.
- ❖ Crear e rodar unha curtametraxe colaborativa, con todas os coñecementos e traballos previos que iso conleva, e presentala para a comunidade educativa no “*I Festival de Cine do Río Xunco*”.
- ❖ Programará **outras actividades conxuntas**, relacionadas con este PROXECTO INTERDISCIPLINAR:
- ❖ Presentar este proxecto ao alumnado cunha **película** onde se recollerán as actividades da BE nas que participaron o curso anterior.
- ❖ Ambientación cinematográfica do colexio, das aulas e da nosa mascota (PUCA).
- ❖ Expoñer de películas que marcaron a infancia de nosos pais e nais, coa colaboración familiar.
- ❖ Visionado de anacos de películas nos recreos dentro da Biblioteca, respectando os dereitos de autor.
- ❖ Nas festas e celebracións teremos presente este tema: no Samaín, películas de medo, filmacións de historias de medo creadas polos alumnos... para o Día da Paz, películas que fomentan a tolerancia e o respecto polos dereitos humanos, un Antroido de Cine, Día de Rosalía de Castro: unha vida de película.

✓ **Acadados moi positivamente, como se pode comprobar coas actividades desenvolvidas.**

- ✓ Seleccionáronse recursos para as mochilas viaxeiras e tamén para relacionar cada bloque curricular das diferentes áreas con películas concretas.
- ✓ Creamos o Pasaporte de Cine e aumentamos moito os nosos fondos videográficos. Así o alumnado puido levar películas en préstamo.
- ✓ Presentamos o proxecto cunha xuntanza na biblioteca onde se explicaron as directrices do mesmo e se fixo unha breve exposición sobre a historia do cine, proxectando “A chegada do tren”, a “Saída dos obreiros da fábrica”.... Tamén incidimos sobre o precine e explicamos a construción dun taumátropo, para que logo o pideran facer nas aulas.
- ✓ De maneira colaborativa, e a través do PFP da Biblioteca creamos unha UDI que integra a produción cinematográfica nas áreas de Lingua Galega e Plástica de 3º e 4º de Primaria.
- ✓ Elaboramos materiais para integrar o cine nas áreas de valores cívicos e sociais así como na materia de libre configuración de busca e tratamento da información de 4º e 6º.
- ✓ O estudo de de persoeiros do mundo do cine leválo a cabo coa programación e desenvolvemento de actividades de ALFIN que tiñan como fin social a creación do noso calendario anual: UN CALENDARIO DE CINE. Tamén organizamos un traballo documental previo, de xeito colaborativo e internivel, á celebración do Entroido de Cine. Tamén promovimos e organizamos obradoiros de escritura creativa, a través dos cales o alumnado se puxo en contacto con múltiples actores, directores e cines galegos. Algúns deles viñeron a visitarnos ao centro e outros respostáronnos amablemente.
- ✓ Creamos un site no noso blog onde fomos recollendo os materiais elaborados polo equipo de biblioteca e aqueles recursos que nos pareceron relevantes para o desenvolvemento deste proxecto, por toda a comunidade educativa.
- ✓ Desenvolvimos de xeito paralelo outro proxecto. Nós tamén creamos!, dentro do Plan Proxecta e organizamos os obradoiros para a creación dos storyboards, escenarios, dominio de software libre como o Monkey Jam, o Movie Maker... coa finalidade de crear as nosas curtametraxes, levándoas do conto ao cine. Isto concretámolo nunha **UDI: Do conto ao cine**
- ✓ Organizamos o Festival de fin de curso, onde demos a coñecer a toda a comunidade educativa e veciños as películas realizadas polo alumnado así como os bailes inspirados en musicais de cine de todos os tempos: ABBA, FAMA...
- ✓ Desenvolvéronse ao longo do curso outras moitas actividades complementarias arredor deste proxecto, como se poderá comprobar a continuación. Tales como múltiples visitas ao cine, a platós de televisión, etc.
- ✓ A principio de curso fixemos unha xuntanza na biblioteca onde proxectamos ao noso alumnado unha película que servía para inaugurar o curso escolar da nosa biblioteca e darlle a benvinda ao novo proxecto.
- ✓ A nosa mascota caracterizouse de director de cine para a ocasión e a biblioteca, aulas e corredores foron “vestíndose” apropiadamente ao longo de todo o ano coa axuda dos nosos rapaces e rapazas e coa colaboración de diversas salas de cine de Galicia que nos enviaron moito material.
- ✓ Organizamos unha actividade colaborativa cos pais e nais que leva por título: “Unha familia de Película” e logo fixemos unha fermosa exposición.
- ✓ Ao longo de todo o ano tivemos os chamados “Recreos de Cine” onde, en función do mes temático, proxectábase anacos de películas axeitadas e tivemos presente o cine en todo momento, para a celebración de todas as conmemoracións.

B. OBJETO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN

O proxecto chamámolo **“3, 2, 1. ACCIÓN: UN COLE DE PELÍCULA!”**, trátase dun Proxecto de Alfabetización Audiovisual e Mediática, que pretende favorecer o achegamento do noso alumnado ás chamadas Alfabetizacións Múltiples a través do cine. *Coa* temática do proxecto dabamoslle continuidade á labor iniciada en cursos anteriores, porque fai cinco decidimos traballar e mellorar a nosa metodoloxía no proceso de E-A e desterramos casi por completo os libros de texto, traballando por proxectos tanto na Etapa de Infantil como en 1º e 2º de Primaria, e a través de proxectos documentais asociados ao Proxecto Interdisciplinar que coordina a biblioteca, nalgúns das áreas do resto dos cursos. En 5º e 6º úsase a plataforma EDIXGAL.

Por outra banda, cando creamos o **1º Día da Arte Galega** na escola acordamos que cada ano llo íamos dedicar a un estilo artístico, entón si os anteriores foron sobre a pintura, a escultura, a fotografía e a música, este ano decidimos que sería sobre o cine, o sétimo arte. E como pretendíamos integrar a toda a Comunidade Educativa e veciñanza e á sua vez, partía da biblioteca, lugar de historias e de aventuras de película, eliximos de título ***“3, 2, 1 ACCIÓN!: UN COLEXIO DE PELÍCULA”***. Isto xa quedou decidido o curso anterior, cando se solicitou o Plambe XI nas previsións de futuro figuraba cal ía ser o proxecto do curso 2015-2016.

Eran varias as liñas de investigación que íamos seguir para desenvolver o proxecto co noso alumnado, algunhas delas finalmente leváronse a cabo a través de pequenos proxectos documentales pero encadrados dentro do proxecto interdisciplinar xeral, que foi o eixe de todo o proceso de Ensino-Aprendizaxe deste curso. Aquí contémpanse algunhas das nosas liñas de acción:

- *O Precine e os inicios do cine: O taumátropo e o zootropo, os irmáns Lumière: “ A chegada do tren”, “Saída dos obreiros da fábrica”, “ O regador regado”.*
- *Introdución ao linguaxe audiovisual (tipos de planos, guionización, escenografía...) e os xéneros cinematográficos.*
- *A área de valores sociais e cívicos a través do análise de películas de cine, para o cal elaboramos materiais propios.*
- *Elaboración das nosas propias curtas cinematográficas, coa técnica do StopMotion, con todo o aprendizaxe previo que eso requiriu tanto por parte do alumnado como do profesorado, a través da aplicación dunha UDI nas áreas de LG e Plástica que tivo por nome “DO CONTO AO CINE”*
- *Estudo da tradición oral galega: LENDAS DE PELÍCULA*
- *A Academia Galega do Audiovisual: Actores e Directores da nosa Comunidade de recoñecido prestixio e tamén outros nóbeles.*
- *Relacionar todas as actividades complementarias e conmemoración con oso proxecto interdisciplinar anual: Un Outono de Cine, Mes da Ciencia...Ficción, Un Nadal de Película, Un Entroido de Cine...*
- *Creación dunha sección específica para este proxecto dentro do Blog, onde se incluíron recursos, enlaces a pax web, a aplicacións gratuítas, tutoriais de uso e os materiais producidos.*
- *Elaboramos trípticos con recomendacións bibliográficas e audiovisuais para a Comunidade Educativa.*
- *Organizamos, coa colaboración do Concello de Cervo e da ANPA, o I Festival Cinematográfico e Musical do Pedrouzo, no mes de xuño.*

C. BREVE DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Nas reunións do equipo de biblioteca do mes de setembro deseñáronse as actividades que se ían propoñer ao resto do claustro, prestando especial atención á avaliación final do pasado curso e aos acordos tomados en xuño de 2015. Seguimos a metodoloxía de traballo colaborativo e por proxectos, atendendo á máxima de ***“Aprender a Colaborar e Colaborar para Aprender”***, tendo en conta a análise das Intelixencias Múltiples do noso alumnado.

Na fase de motivación, que queríamos saber ou traballar e cal serían os nosos produtos finais. Tamén se tivo en conta a celebración das festas e conmemoracións que xa se celebraban na biblioteca, posto que as temos distribuídas por tempadas temáticas. Para cada unha destas datas, a biblioteca seleccionou libros de lectura e material audiovisual para os itinerarios lectores que cada ciclo adaptou ao seu nivel, creamos os Pasaportes de Cine do noso alumnado.

Ao longo de todo o proxecto, a mascota foi o fío animador e condutor das actividades e a encargada de facer as propostas ás aulas. A través das súas cartas, Puca establece comunicación co alumnado e é moi curiosa porque está interesada en saber de todo. Deste xeito elaboramos uns folletos de educación documental e búsqueda de información que chamamos “Puca quere saber...” e que nos serven para traballar a Alfabetización Informacional co noso alumnado.

Nesta **fase de iniciación e motivación** aproveitamos para levar a cabo saídas relacionadas: Platós de series galegas como “Serramoura” na Voz Audiovisual, visitas a diferentes salas de cine da provincia para ver estrenos de cine infantil tales como “Zootrópolis”, “Hotel Transilvania 2”, “Kung Fu Panda 3”... e tamén decoramos o centro.

Despois da fase de iniciación e motivación, cada trimestre realizáronse diferentes actividades e un produto final que se mostraba á todo o colexio e nalgúns casos, á comunidade educativa, como imos ver no seguinte apartado.

Ao longo de todo o proceso, nas diferentes reunións tomamos as decisións necesarias para a renovación e actualización continua dos fondos da nosa biblioteca, este ano, dadas as circunstancias, prestamos especial atención ao material videográfico e audiovisual.

Asimesmo este curso tamén aproveitamos estas reunións para deseñar o proxecto de Nós tamén creamos! dentro do Plan Proxecta, que solicitamos para que nos servirá de formación e apoio de cara

a consecución dos obxectivos que nos tiñamos plantexados para o noso Proxecto Interdisciplinar. Unha vez que nos foi concedido fomos artellando os mecanismos axeitados para poñelo en práctica de xeito. A gran vantaxe desta actuación foi que conseguimos integrar a todo o claustro nesta actividade, a parte do Equipo de Biblioteca, co cal tiñamos xuntanzas semanais fóra do horario lectivo e tamén contamos con formación específica no ámbito do precine e das técnicas necesarias para desenvolver e acadar os nosos obxectivos. Esta formación foi impartida por membros da Editorial OQO de xeito presencial e posteriormente a través da plataforma Platega, cun curso chamado *“Do conto ao Cine”*. Do mesmo xeito, conseguimos integrar a membros do Equipo Abalar a

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA

“3, 2, 1 ACCIÓN: UN COLE DE PELÍCULA”
ANEXO AO PLAMBE 2015/2016

OUTUBRO						
Outubro 2015	Matins	Manhans	Amos	Varas	Sábado	Domingo
6	8	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	



través da coordinación do PFP que desenvolvimos no centro e que contaba con dous itinerarios, por unha banda un sobre Edixgal e manexo de Ferramentas de Autor e por outra banda un de Biblioteca Escolar, alfabetizacións múltiples e traballo colaborativo. Ao longo de todo o ano tamén **creamos e fomos actualizando un site dentro do blog da biblioteca onde recolleemos todos os recursos** que se ían precisando para o bo desenvolvemento do proxecto no que estamos inmersos (Recursos de Cine), ademais de actualizar o propio blog da biblioteca. Ademais **trimestralmente realizabamos un seguimento das actividades realizadas** para ver en que podíamos mellorar e que obxectivos se acadaran e **ao finalizar o proceso elaboramos** e pasamos unhas **enquisas**, a través das cales realizamos unha reflexión conxunta sobre os datos que arroxo a avaliación final.



D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

O equipo de biblioteca elaborou diversos materiais, de organización e xestión, de animación á lectura, de educación documental, para o traballo das alfabetizacións múltiples, de adquisición de competencias e integración no currículo etc. Algunha desa documentación é a se relaciona a continuación:

- ❖ **LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN** do noso proxecto interdisciplinar **“3, 2, 1 Acción: Un cole de película”**, dacordo ao PLAMBE XI, no mes de xuño pasado.
- ❖ **PLAN ANUAL DE LECTURA**. Itinerarios Lectores e organización de dous Clubes de Lectura: **“DA LITERATURA AO CINE”** (O Diario de Greg 10” e “ O Diario de Ana Frank”)
- ❖ **TEMPORALIZACIÓN DE ACTIVIDADES** (dímollas no mes de setembro ao claustro para integralas nas programacións de nivel).
- ❖ **UNIDADE DIDÁCTICA INTEGRADA “Do conto ao cine”**.
- ❖ **UNIDADES DIDÁCTICAS SOBRE PELÍCULAS**, en L.Galega, para traballar na área de Valores Cívicos e Sociais, Linguas e Matemáticas: “Babe, o porquiño valente”, “Antz” e “O Soño dunha Noite de San Xoán”, “Shrek”, “Frankiwinie”, “H.Transilvania”...
- ❖ **BOLETÍNS “Puca quere saber...”** (Educación Documental e ALFIN) sobre a actriz Rosalía Castro e a Academia Galega do Audiovisual.
- ❖ **PASAPORTES DE CINE** adaptados aos niveles de Infantil e Primaria e atendendo á diversidade.
- ❖ **UNHA BIBLIOTECA DE CINE: polo día das Bibliotecas Escolares** mandouse un tríptico informativo para as familias e creamos un vídeo resumo das actividades da biblioteca do curso pasado.
- ❖ **LENDAS DE PELÍCULA**: Materiais de ALFIN, de produción propia e vídeos dalgunhas das lendas.
- ❖ **MES DA CIENCIA...FICCIÓN**: Boletín informativo sobre a luz e o cine de ciencia ficción.
- ❖ **CINE PARA A PAZ**. Tríptico informativo para as familias e o alumnado.
- ❖ **UNHA VIDA DE CINE, Rosalía de Castro**: Presentación sobre Rosalía e o mosaico colaborativo que elaboramos.
- ❖ **UN ENTROIDO DE CINE**: video-presentación.
- ❖ **O PRECINE**: Traballo realizado sobre o Precine co alumnado de neae. Creamos Taumátropos e Zootropos.
- ❖ **BANDA SONORA My Girl**: achégase un video da adaptación feita polo mestre de música e tocada cos nenos e nenas.
- ❖ **PELÍCULA SOBRE O POEMA GALICIA DE MANUEL MARÍA**: Actividade colaborativa coa Microrrede de Bibliotecas da Mariña.
- ❖ **EXE-LEARNING SOBRE OS DIRECTORES DE CINE GALEGOS**.
- ❖ **RECOMENDACIÓNS DE CINE** para o nadal e o verán. Tríptico informativo para alumnado, familias, Biblioteca Pública e librarías.
- ❖ **ENQUISAS DE AVALIACIÓN**: profesorado e alumnado.

Temos este material e outro recompilado no site: <https://sites.google.com/site/uncoledpelicula/>

E. RELACIÓN DAS TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO AO LONGO DO PROXECTO

1ª Fase: Iniciación e motivación

DÍA DAS BIBLIOTECAS: BIBLIOCERVO ÁBRENOAS AS PORTAS

Fíxose unha festa de apertura da biblioteca a principios de outubro. Aproveitamos para darlles a benvinda aos novos lectores e para presentarlles o novo vestiario da nosa mascota, Puca; acorde ao proxecto documental deste ano. Ademais preparámoslles unha película de presentación de “3, 2, 1 Acción: UN COLEXIO DE PELÍCULA”.

Logo, o día 24 de outubro tivemos unha nova xuntanza para explicar as normas da biblioteca, o horario de apertura, presentar aos novos axudantes de biblioteca, entregar os novos carnés de lectores e as novas chapas de Puca.

Ademais entregámoslles un tríptico informativo, botamos a andar as mochilas viaxeiras, démoslles os itinerarios lectores e toda a documentación precisa: caderniños do itinerario, Pasaportes Lectores e Pasaportes de Cine. Foi un acto moi completo e moi estimulante para o noso alumnado, polo que Puca e a nosa biblioteca significa para eles.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/09/benvidos-e-benvindas-ao-novo-curso.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/10/benvidos-biblioteca.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/10/unha-biblioteca-de-pelicula.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/10/dia-das-bibliotecas-escolares.html>



VISITA Á CASA DE MANUEL MARÍA E AO CINE

Para ir preparándonos e informándonos sobre o autor homenaxeado polas Letras Galegas, os cursos de 3º, 4º, 5º e 6º fixemos unha saída de traballo á **CASA MUSEO DE MANUEL MARÍA**, en Outeiro de Rei.

Despois fomos ao cine ver a película **ZOOTRÓPOLIS**, o cal resultou moi estimulante para o noso alumnado, posto que algún deles nunca vivira esta experiencia anteriormente.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/03/saida-lugo-casa-museo-de-manuel-maria.html>





O Equipo de Biblioteca organizou unha saída para o alumnado de primaria ás instalacións de **LA VOZ AUDIOVISUAL**. Alí coñeceron de primeira man como son os escenarios de rodaxe dalgúns series de CRTVG, tales como Serramoura e Urxencia Cero, movéronse por todas as ficticias habitacións dun hospital, sentáronse no bar de Serramoura, entraron na cárcere do cuartel, coñeceron aos actores e actrices da serie, viron onde se garda e clasifica a roupa, presenciaron a gravación dunha escena en absoluto silencio...Estas e moitas máis vivencias experimentamos nunha visita inesquecible!

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/05/visita-voz-audiovisual.html>

2ª Fase: Desenvolvemento do proxecto e produtos finais

UN MES DE MEDO EN BIBLIOCERVO. AS NOSAS LENDAS DE PELÍCULA

Durante o 1º trimestre estivemos traballando as propostas da biblioteca sobre o MEDO, a TRADICIÓN ORAL e o CINE. Deste xeito, cada clase elixiu unha película de medo e arredor dela centráronse as actividades, tales como: descrición dos personaxes, escenarios, sinopsis da película, decoración das portas das aulas... Tamén organizamos uns obradoiros para elaborar unha merenda monstruosa aliñada con personaxes das películas. Como nos gusta moito traballar xuntos e en equipo, fixemos grupos co alumnado de primaria de xeito que en cada clase había nenos e nenas de 1º ata 6º, así os maiores podían axudar aos máis pequenos! Houbo que espremer laranxas para facer zume, decorar o vaso con lambetadas monstruosas, pintar un personaxe de peli...e todo para obter unha terrorífica bebida que logo degustamos, algúns cun pouco de noko!!!! Ademais da análise de medo, tales como shrek, Frankiwinne, Hotel Transilvania, Bibi, a pequena bruxa, Bruxas... tamén profundamos no mundo da TRADICIÓN ORAL, coa actividade: "**LENDAS DE PELÍCULA**"

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/11/merenda-con-personaxes-de-cine.html>

Despedimos esta tempada asistindo a un gran festival de lendas galegas na biblioteca. Os cursos de primaria elixiron unha lenda do noso entorno, investigaron sobre ela e fixeron a súa versión para poder mostrarlle ao resto do colexio. As clases de primeiro e segundo elixiron as lendas da Cova de Rueta e a da Santa Eufemia, lugares do Concello de Cervo; 3º traballou sobre a lenda da Cova do Rei Cintolo en Mondoñedo; 4º sobre a lenda do Bispo Santo de San Martiño de Mondoñedo; 5º sobre a Casa encantada de Portocelo, no concello de Xove; 6º traballou tres lendas do noso concello: A Maruxaina, A Santa Eufemia e As bruxas no Souto de Cervo.

Cada curso, unha vez investigado sobre elas, representounas ao seu xeito e creamos unhas FANTÁSTICAS CURTAS que contribúen a preservar a tradición oral e a nosa cultura.

Para rematar o traballo de **ALFIN sobre a tradición oral e as LENDAS DE PELÍCULA da Mariña Lucense** tivemos a gran sorte de contar coa visita de **ANTONIO REIGOSA**.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/10/festival-de-lendas-galegas.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/12/adivinando-lendascon-antonio-reigosa.html>

O DÍA DA CIENCIA EN GALEGO

Durante este mes, novembro, a temática da biblioteca foi O MES DA CIENCIA...FICCIÓN. Deste xeito relacionamos por unha banda o traballo sobre a Luz e o cine de Ciencia Ficción. A biblioteca fixo exposición de libros e audiovisuais sobre esta temática e ademais organizou os RECREOS DE CIENCIA, nos cales proxectamos curtas e videos de experimentos coa luz, que posteriormente os nenos e nenas máis atrevidos quixeron poner en práctica!

Tamén se explicou a teoría da luz e a descomposición da luz branca nas cores do arco da vella, así como os diferentes tipos de luces que se poden utilizar nas nosas creacións audiovisuais. Como produto elaboramos e distribuímos ás familias un tríptico informativo sobre esta temática.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/11/novembro-mes-da-ciencia-ficcion.html>

O MAGOSTO E O DÍA DO PEÓN

En novembro, como cada ano e en colaboración coa mestra de Educación Física que é unha integrante do Equipo de Biblioteca participamos na programación e desenvolvemento do Magosto, aportando documentación e recursos nun apartado que temos creado no noso blog, e como cada ano profundamos especialmente nos xogos populares e especialmente nos xogos populares. Así pois, este día non só se asan e comen as castañas, senón que celebramos o Día do Peón e estamos documentándonos, decorándolos e aprendendo a bailalos toda a semana anterior.

Temos que recordar que o traballo de documentación realizado sobre os xogos populares para a conmemoración



degustamos, algúns cun pouco de noko!!!!

LENDAS DE PELÍCULA


Galicia é unha terra de **lendas**, maxia e meigas, onde todo é posible con só imaxinar.

1. Sitúa Galicia no mapa de España e sitúa as catro provincias galegas.




Esta é a ...

LEENDA DAS COVAS DO REI CINTOLO



Din que no lugar que agora ocupa a cidade de Mondoñedo, se



deste día veuse recompensado coa visita do autor dos dous principais libros utilizados: o escritor **Antón Cortizas**, que tamén veu a visitarnos este ano.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/12/magosto-2015.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/04/celebracion-dia-do-libro.html>

Recursos: <https://sites.google.com/site/omagostocastaneiro/>

TEMPO DE NADAL: UN NADAL DE PELÍCULA

Cada Nadal, ademais de axeitar a Puca e a Biblioteca correctamente para estas datas, sempre programamos varias actividades: a primeira delas vai dirixida especialmente ao alumnado e o profesorado e outra ás familias.

A actividade dirixida aos alumnos, alumnas, mestres e mestras é o **AMIGO INVISIBLE**, pero

cunhas características un tanto particulares. Cada alumno tiña que escribir unha postal que contivera unha **RECOMENDACIÓN DE CINE** para ver en familia no periodo de vacacións e unha felicitación navideña. Tamén fixemos exposicións de fondos e nos recreos tivemos CINE DE NADAL, e aproveitamos para traballar os valores a través do cine:

Por outra banda programamos unha actividade colaborativa, pedímoslles as familias a súa participación para realizar un traballo artístico relacionado co proxecto, así cada familia creou a súa **CARÁTULA DE PELÍCULA DE NADAL**, baixo o título: **UNHA FAMILIA DE PELÍCULA**.

As películas foron do máis orixinal e creativas, cuns repartos de luxo, escenarios sorprendentes...

Dende a biblioteca tamén elaboramos e lles mandamos un tríptico con novidades de lectura para agasallar no Nadal e con recomendacións para ir ao cine en familia no tempo de leer.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/12/un-nadal-de-pelicula.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/12/celebramos-o-nadal.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/12/boletin-trimestral-as-recomendacions-de.html>

[trimestral-as-recomendacions-de.html](http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/12/boletin-trimestral-as-recomendacions-de.html)

UNHAS CARTAS ESPECIAIS E VISITA DE JORGE COIRA E ROSALÍA CASTRO

Organizamos un obradoiro de escritura creativa e os nenos e nenas escribiron cartas a algúns actores, actrices e directores de cine galegos invitándoos a visitarnos. Primeiro tiveron que investigar sobre eles e fixeron uns murais onde recolleron a información que atoparon. Algúns dos nenos, despois dun completo proceso de investigación sobre a biografía e a súa obra decidiron escribirlle ao director galego, **Jorge Coira**, gañador de dous premios Goya e á actriz Rosalía Castro, e viñeron visitarnos e compartir unha xornada completa con nós!

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/12/unhas-cartas-especiais.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/04/bibliocervo-co-cinema-galego.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/06/a-actriz-rosalia-castro-visita.html>

MES DA PAZ: CINE PARA A PAZ

Dende a biblioteca enviouse un tríptico ás familias para informar da colaboración coa ONG **Save the Children** participando na **XII Carreira Kilómetros de Solidariedade polos refuxiados**. O tríptico tamén incluía unha serie de películas para educar na Paz e non Violencia. Moitas delas forman parte dos fondos actuais da biblioteca e pódense levar en empréstito, o cal axuda á compensación de desigualdades. Ao longo desta semana tamén se fixeron Recreos para a Paz, nos que se proxectaron diferentes curtas, principalmente relacionados coa atención á diversidade.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/02/actividades-propostas-pola-biblioteca.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/02/dia-da-paz-e-da-non-violencia.html>

Recursos: <https://sites.google.com/site/25ndereitosdonenoedanena/>

BANDA SONORA DE CINE

Na área de Ed. Artística, coa colaboración da área de Lingua Estranxeira e usando os recursos da biblioteca, realizouse unha adaptación da banda sonora da película **"My Girl"** e o alumnado de 6º curso ofreceunos a súa interpretación e adaptación desta fermosa banda sonora. Foi un traballo moi difícil e non podemos máis que felicitálos polo esforzo realizado e o produto final.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/03/banda-sonora-de-cine.html>



O 24 de febreiro é Día de Rosalía de Castro e nós sumámonos á convocatoria da Asociación de Escritores en Lingua Galega para celebrar este día. Para iso xuntámonos na biblioteca para ver uns vídeos e presentacións sobre esta escritora. Ademais nas aulas traballouse para fondar no seu coñecemento, axudándose dos recursos bibliográficos e dixitais que temos tanto na biblioteca como no site do blog. Paralelamente participamos na proposta do EDLG de elaborar un gran puzzle- mosaico, entre todas as nenas e nenos do colexio, dunha caricatura de Rosalía de Castro. Ademais o alumnado de 6º recitou poemas da autora homenaxeada. <http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/03/dia-de-rosalia-de-castro.html> Recursos dixitais para as aulas: <https://sites.google.com/site/rosaliabibliocervo/>



ANTROIDO DE CINE


Este Antroido pasámolo DE PELÍCULA! Fixéronse obradoiros mixtos con todos os cursos de Primaria, intentando seguir a metodoloxía colaborativa, para a realización dos disfraces. Cada obradoiro era unha película e podíase elixir entre: **Monstruos SA, Mary Poppins, Regreso ao futuro, ET, Hotel Transilvania e Charles Chaplin**. As clases de Infantil elixiron a película de **Buscando a Nemo**. Os resultados foron espectaculares! Mirade esta presentación e veredes que non esaxeramos!!

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/03/antroido-de-cine.html>



PASAPORTE DE CINE

Bibliocervo ampliou o seus servizos a todos os socios e socias co novo préstamo de películas de cine e documentais. Puca fai este servizo de forma gratuita, pero esixe cumprimentar o pasaporte lector dando resposta a unhas sinxelas preguntas e facendo unha ilustración sobre a peli.



<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/02/pasaporte-de-cine.html>

SEMANA DA PRENSA

Traballamos a prensa internacional, que se analizou e investigou para concluír cunha exposición de xornais estranxeiros. Tal e como nos anunciaba a mascota Puca na súa carta, do 7 ao 11 de marzo comezamos a celebrar a SEMANA DA PRENSA na escola. Para iso contamos coa visita de dous pais xornalistas, Vicente e Anxo: un de prensa escrita e o outro da radio. Por outra banda, as nenas e nenos de 5º e 6º mantiveron unha video-conversa por Skype **Cervo-Estambul**, cunha gran xornalista: Nuria Tesón (Zamora 1980). Ela explicounos en que consiste o traballo de reporteira, as dificultades emocionais que supón cubrir a información nunha zona onde hai guerra, o medo, a incerteza e tamén a necesidade de que alguén esté alí para contalo. Case podíamos, a través dela, sentir o bulicio das rúas de Exipcio, de Estambul, a indefensión dos refuxiados sirios, etc. Nuria deixounos unha lección de honestidade, bondade, intelixencia e saber facer abrumadora.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/03/semana-da-prensa.html>

MES DA POESÍA

Así ben, neste mes aproveitamos para facer exposición dos fondos de poesía e material bibliográfico. Nas aulas traballouse este xénero literario e dende a biblioteca organizamos os RECREOS DE POESÍA, é dicir, nos recreos faciamos recitais poéticos. Previamente tiñan que elixir os poemas, preparalos, apuntarse na listaxe da cortiza de novidades da biblio e orquestrar unha campaña de publicidade para conseguir que fora moito público á súa actuación. Continuando co traballo da poesía en abril colaboramos para crear as nosas **Pezas Únicas**, con motivo da celebración do Día das letras Galegas. Cada curso as nenas e nenos de infantil e primaria, escriben e ilustran un poemíña, neste caso un **POEMA DE CINE**, cada un ao seu nivel. Logo numéranse e envíanse a un lugar relacionado tamén co proxecto, para que nos días previos ás Letras Galegas, os repartan entre os seus clientes ou entre as persoas que asisten a algún espectáculo. Este curso as pezas foron repartidas entre os amantes do cine que acudiron á SALA NUMAX de Santiago de Compostela. NUMAX é un proxecto que se puxo en marcha no 2015 a través dunha cooperativa de traballo se ánimo de lucro. Ademais de cine, é librería e laboratorio de deseño, comunicación e produción audiovisual que polas súas características respondía moi ben ao obxectivo das Pezas Únicas: espallar a nosa cultura e a nosa lingua.





O 23 de abril é un día simbólico para a literatura mundial, xa que neste día e no ano de 1616 faleceron personalidades como Cervantes, Shakespeare e o Inca Garcilaso de la Vega. Igualmente conmemórase o nacemento ou morte doutros autores importantes como Maurice Druon, Haldor K. Laxness, Vladimir Nabokov, Josep Pla e Manuel Mejía Vallejo. Como cada ano nestas datas, a [Asesoría de Bibliotecas de Galicia](http://asesoria.de.bibliotecas.de.galicia) reparte entre as bibliotecas uns marcapaxinas para conmemorar este día. Nesta ocasión, cun texto de [Pedro Feijoo](http://pedro.feijoo) titulado *Os libros son para valentes*.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/04/dia-mundial-do-libro-2016.html>

O día 22 de abril celebramos o noso DÍA DO LIBRO, e un ano máis e como xa ven sendo habitual no cole polo DÍA do LIBRO, o patio encheuse de **padriños e madriñas** para compartir lecturas de libros e contos cos seus afillados. Ao final, os afillados agasallaron aos padriños e madriñas cuns marca páxinas de Cervantes e Shakespeare. Pero esta non foi a única actividade que tivemos ese día, posto que despois dun

arduo traballo de investigación e documentación nas aulas sobre Cervantes, Shakespeare e as súas obras fixemos un **maratón de lectura** dunha adaptación do libro Don Quijote, da Ed. Edelvives. Pola biblioteca foron pasando todos os cursos de primaria para ler un fragmento desta obra. <http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/04/celebracion-dia-do-libro.html>



LETRAS GALEGAS E COLABORACIÓN COA MICRORREDE DA MARIÑA: OS SOÑOS DE MANUEL MARÍA

Como cada ano dende a biblioteca encargámonos de recompilar os recursos precisos sobre o autor e incorporalos ao blog, moitos deles elaborados polas BE de Galicia e outros pola súa propia Fundación; así como de facer unha exposición bibliográfica e videográfica suficiente para satisfacer as necesidades da nosa Comunidade Educativa, atendendo tamén ás súas peticións previas.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/03/manuel-marialetras-galegas-2016.html>

Ademais, xa chegadas estas datas do Día do Libro e Das Letras Galegas, os centros que integramos a **MICRORREDE DE BIBLIOTECAS DE A MARIÑA** pedimos a colaboración das familias para a realización dun traballo relacionado coa nosa cultura, coa literatura, cos libros... Este curso o proxecto colaborativo levou por título **OS SOÑOS DE MANUEL MARÍA** e cada centro participante elixiu un aspecto da súa vida ou obra sobre o que profundar. Con todos os traballos recibidos fixemos unha exposición nos CEIPS e IES pola semana do Día do Libro e logo en Viveiro todos xuntos, na Semana das Letras Galegas, na que tamén houbo diversas actuacións e actividades dos centros da Microrrede. O noso colexio elixiu o poema **Galicia** para ilustrar e recrear e estes son os magníficos traballos que as familias realizaron. De ano en ano supéranse en recursos, creatividade e participación. Por todo iso, enviámoslles unha nota agradecéndolles a súa colaboración e convidándoos a que viñeran disfrutar con nós da actuación dos nosos pequenos e pequenas no Teatro Pastor Díaz de Viveiro.

Aquí tedes o enlace para poder ver todas as obras feitas pola comunidade educativa do CEIP de Cervo:

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/04/traballo-colaborativo-microrrede-de.html>

Con todos os traballos recibidos elaboramos un gran libro onde se recolleron todos **OS SOÑOS DE MANUEL MARÍA**. Para este día tamén contamos coa especial colaboración do artista **Xosé Blanco**, diseñador da cerámica de Sargadelos e pintor, que nos fixo o mural expositor. Foron moitas as actuacións que concorreron no Teatro Pastor Díaz de Viveiro ao longo da Semana das Letras Galegas, pero para nós foi especial o xoves, 12 de maio; posto que lle tocou actuar ao noso colexio e ata Viveiro se desplazou unha pequena representación das nenas e nenos de 3º, 4º, 5º e 6º para interpretar uns poemas de Manuel María que o profesor de música, Manuel, membro do

Equipo de Biblioteca e tamén do EDLG, arranxou para tal ocasión e que podedes disfrutar véndoos neste vídeo.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/05/musicando-manuel-maria-actividade.html>



A MASCOTA DA BIBLIOTECA

Puca ten un papel dinamizador moi importante na biblioteca, a través das súas cartas ás clases fai todas as propostas de actividades, forma parte da ambientación da biblioteca, en realidade pódese dicir que é un membro máis do Equipo, o máis querido por todos os nenos e nenas.

O alumnado agradécelle o seu traballo facéndolle unha entrañable festa no seu noveno aniversario que este ano tivo carácter moi musical e cinematográfico, coa actuación dos nenos e nenas do cole interpretando bandas sonoras de películas e adaptacións de poemas de Manuel María.

Aproveitamos a festa de aniversario da mascota da biblioteca para “casi-clausurar” as actividades da biblioteca e para entregar os diplomas aos **devoradores/ as de libros**, que son as nenas ou nenos que máis leron, e ao final todos degustamos unha saborosa tarta!

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/06/celebramos-o-cumple-de-puca.html>

O DÍA da ARTE GALEGA NA ESCOLA

Por 5º ano consecutivo celebramos O DÍA DA ARTE GALEGA NA ESCOLA. Este curso conmemorámolo o 1 de xuño, o día orixinal, elixido por coincidir co aniversario de Seoane, cofundador da Cerámica de Sargadelos.

Dende a creación deste día, vímolos adicando a un estilo artístico diferente: a pintura, a escultura, a fotografía, artistas da zona, músicos consagrados... e este ano foi adicado principalmente ao CINE, dentro do proxecto anual da biblioteca.



Así, a biblioteca organizou unha xuntanza para disfrutar dunha xornada de cine moi especial. Especial porque non iamos ver unha película calquera... iamos ver as películas de produción propia que elaboramos ao longo do ano, mediante a técnica do stopmotion e que se atopan baseadas en dous libros de OQO Editora. <http://www.crtvg.es/infantil/nos-tamen-creamos/a-cabra-boba-ceip-de-cervo>

<http://www.crtvg.es/infantil/nos-tamen-creamos/a-princesa-que-bocexaba-a-todas-horas-ceip-de-cervo>



Ainda así queremos destacar que a celebración do Día da Arte Galega na Escola para o noso colexio e a nosa comunidade educativa non lle chega con adicarlle un só día ao ano. Nós vivimos a ARTE, RODÉANOS A ARTE; probablemente influenciados polo noso entorno cultural. <http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/06/dia-da-arte-galega-na-escola.html>

ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN Á INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO

Os fondos de consulta da biblioteca son moi demandados para traballar os **proxectos de aula**, polo tanto a súa actualización permanente en función das necesidades do profesorado é unha das nosas prioridades.

En 3º, 4º 5º e 6º traballáronse as linguas a partir de libros de lectura seleccionados en xuño do curso pasado e expostos no listado de material do alumnado. Algúns dos autores destes libros visitáronos durante o curso. O resto das áreas trabállanse a partir de pequenos proxectos documentales relacionados co currículo e co proxecto global de centro, en torno ao cine, empregando fondos da biblioteca como libros e películas de diferentes temas: valores, historia, enerxía, máquinas, plantas, animais, o corpo humano. Cada vez máis se van incluíndo nas programacións os centros de interese, festas e celebracións, saídas e demais actividades da biblioteca. Este ano, a nivel curricular, fíxose moito uso dos **fondos de audiovisuais**, e libros sobre cine para todas as áreas e tamén potenciamos a adaptación dos nosos fondo para atender ás necesidades educativas de apoio específico que abundan no centro.

Cabe destacar que a **Etapas de Educación Infantil**, así como os niveis de 1º e 2º de Primaria traballan todas as áreas dun xeito globalizado e interdisciplinar a través de pequenos proxectos trimestrais relacionados sempre coa biblioteca e o Proxecto Interdisciplinar Anual, para os cales usan todos os recursos da biblioteca que nós lles ofrecemos e actualizamos constantemente, dada a carencia de libros de texto.

Tamén queremos facer especial mención **ás clases de 5º e 6º de Primaria pola tipoloxía á que pertencen. Funcionan a través da Plataforma Dixital EVA e son aulas Abalar.** Isto implica que as mestras elaboran grande parte dos seus materiais, posto que os libros dixitais que se ofrecen non teñen calidade suficiente, ao noso modo de ver. Para levar a cabo isto utilizan moito os recursos da biblioteca para a mellora das competencias e como complemento ao traballo co material dixital no entorno virtual de aprendizaxe (EVA) de E-dixgal: tanto para consulta, búsqueda de información, lectura ou a elaboración de recursos para subir á plataforma.

F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS

Os recursos que se utilizaron para levar a cabo este proxecto foron os fondos da biblioteca, en formato papel, dixital, CDs, DVDs, etc e os recursos cos que contamos ao noso arredor: Asociacións culturais de Cervo, Anpa, familias do alumnado, artistas e escritores que colaboraron con nós, etc. Ademais o equipo de biblioteca elaborou diversos materiais sobre o tema, de animación á lectura, de educación documental, de alfabetizacións múltiples, formación de usuarios... que xa enumeramos en apartados anteriores. Ademais imos exemplificar algúns dos recursos utilizados para a integración do noso proxecto interdisciplinar no currículo, asociado ao desenvolvemento simultáneo de outros proxectos documentales relacionados co mesmo, en función das etapas, niveis ou áreas.

EDUCACION FÍSICA, na cal cada Unidade Didáctica Integrada, dos cursos de 5º e 6º e Primaria, estaba baseada nunha película. Para o cal se usaron os recursos da biblioteca.

A modo de exemplo, neste trimestre:


- Unidade de iniciación predeportiva (Beisbol): **O xogo perfecto.**
- Unidade de Xogos populares: **Os pìcapedra.**
- Unidade de iniciación á orientación: **Na busqueda da arca perdida.**
- Para a elaboración de xogos populares empregouse **"O libro de xogos populares galegos"**

de Paco Veiga e **"Chirlosmirlos"** de Antón Cortizas.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS, a cal se deu íntegramente a través do cine e o análise de películas (Antz, Babe...), para o cal o Equipo de Biblioteca elaborou e adaptou material específico, que despois se aporta nos materiais.

LINGUA GALEGA E MATEMÁTICAS: En algúns cursos tamén se partiu de películas (Shrek, Frankiewinnie...) para traballar os contidos desta área trimestralmente. Estes materiais elaborados tamén se aportan a continuación.

EN CIENCIAS NATURAIS: A titoría de 3º de Primaria, usando os recursos da Biblioteca, tanto física como virtual, fixo un proxecto de busca documental sobre as plantas co seu alumnado. O resultado final foron estes fermosos Lapbooks que os nenos e nenas quixeron compartir con Puca.



✚ **INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN (LIBRE CONFIGURACIÓN):** esta área está presente no currículo e



programacións de 4º e 6º de Educación Primaria. Nela aproveitábase para profundar na Formación de Usuarios e nas Alfabetizacións Múltiples a través do desenvolvemento de pequenos proxectos colaborativos integrados, á súa vez, no Proxecto Documental Integrado da Biblioteca e co apoio do Proxecto Abalar e da plataforma dixital EDIXGAL. O profesorado, membros do equipo de biblioteca e outros que non o son, estivemos a facer un itinerario dun PFPP sobre Plataformas Dixitais e Ferramentas de Autor, profundando



especialmente na elaboración de materiais con Exe-Learning. Así que os materiais que elaboramos ao longo do ano, neste formato, despois subíronse á plataforma Edixgal e aplicáronse co alumnado. Creamos un **Exe-learning sobre os Directores de Cine Galego** que tamén aportamos como material de elaboración propia.

Ademais, tendo en conta que este curso o lema das BE era **"Biblioteca escolar, base de exploracións"**, levamos a cabo outras pequenas investigacións co noso alumnado, ofertándolle na biblioteca os recursos precisos para levalas a cabo, tanto a nivel bibliográfico e videográfico como a nivel técnico e de infraestrutura. <http://bibliocervo.blogspot.com.es/2015/10/a-biblioteca-escolar-base-de.html> Así fixemos varios traballos de investigación e tratamento da información para o noso alumnado. Tiveron que investigar sobre a **Academia Galega do Audiovisual**, sobre os **premios Mestre Mateo**, sobre **actores e actrices**, sobre **directores de cine galego** etc. Despois tiveron que escribirlles cartas explicándolles o noso proxecto e invitándoos a visitar o cole. Fixemos o mesmo coas Salas de Cine de Galicia para que nos axudasen a decorar o cole, e tivemos unha resposta fantástica.

Tamén aproveitamos para facer actividades de Formación de Usuarios valéndonos dos dossier de material elaborado que temos ao longo dos anos así como dos materiais que temos recompilados no Blog: <https://sites.google.com/site/formaciondeusuarios2011/>

✚ **LINGUA ESTRANXEIRA E SECCIÓN BILINGÜE:** Por outra banda, a biblioteca aumenta cada curso segue aumentando os seus fondos en **Lingua Estranxeira**, como apoio e colaboración constante coa **SECCIÓN BILINGÜE**, o que contribúe favorablemente non só á variedade de recursos que podemos atopar nela, senón tamén á área de lingua estranxeira e á sección bilingüe do centro. **Para a sección bilingüe**, que se imparte na área de educación artística en 1º e 2º cursos de primaria, empregáronse exemplares da biblioteca que marcaron unidades temáticas como por exemplo **"The very hungry Caterpillar"**, **"Brown Bear, Brown Bear, what Do you See?"**, libros sobre formas xeométricas e a arte coma: **"Pinto y dibujo: témperas"**, **"Rojo, Azul, Amarillo"**. As emocións: **"Sharing a Shell"**, **"Cat and Mouse: Feelings"**. Tamén foi fonte de inspiración e ideas para as caretas do Antroido, por citar algúns exemplos. A área de **LINGUA ESTRANXEIRA** tamén empregou fondos da biblioteca. Os libros do itinerario lector, que este ano non se ampliaron con respecto ao anterior, trabállanse coma unidades temáticas en cada curso e outros complementan e melloran a aula de lingua estranxeira; xa sexa a modo de consulta, investigación ou un complemento, por exemplo: **"See Inside London"**, **"This is London"**, **"Pepe en Inglaterra"**: **En Londres, En la playa, El viaje a Escocia** (book and DVD), **"Baby Bear"** e **"Baby Bear: what do you see?"** Lecturas colectivas e individuais, coma **"Winnie in Winter"**, **"The Gruffalo"** que axudan a fixar e ampliar o léxico sen esquecer os do fondo audiovisual. En lingua estranxeira traballamos con CDs da biblioteca tales coma **"Celtic Rools"** e DVDs coma **As crónicas de Narnia** ou **"Harry Potter"**. Tamén sacou partido dos libros **"Aprendo inglés con Cat and Mouse"** e especialmente en segundo curso gustaron moito **"Come to my house"** e **"This is our house"**, un conto con DVD de Michael Rosen e Bob Graham.

✚ EDUCACIÓN INFANTIL

- **Os oficios:** Algún dos libros usados: Os Bolechas van ao mercado. Os oficios de Xan. Ed. Kalandraka O xastriño Valente. Kalandraka. A cociñeira do rei. OQO. E a colección "Quiero ser..."
- **O cine** foi o proxecto que centrou o traballo no segundo trimestre. Como sempre a caixa viaxeira da aula foi adaptada dentro das posibilidades da biblioteca ao proxecto trimestral e igualmente usamos libros de investigación e algún outro para darnos ideas sobre manualidades e traballos plásticos. A nosa proposta para o entroido foi Nemo unha das pelis do préstamo da biblioteca. Algún dos libros achegados pola biblio: Os bolechas van ao cine, e as coleccións de Ed. Parragón "Manitas creativas" e ¡A Escena!
- O terceiro trimestre levounos a viaxar a terras da Mancha seguindo os pasos de **-Don Quixote** e Sancho e aquí, como non, a biblio do cole deunos a posibilidade de atopar libros adaptados ás nosas posibilidades que nos deixaban coñecer as aventuras de tan ilustres compañeiros de viaxe. Os recursos dixitais de blog con enlaces a diferentes actividades, vídeos e á bibliotecas de outros centros foron de axuda para o desenvolvemento do noso proxecto. Os libros usados: Don Quixote e Breogán na aventura dos Muíños, D Quixote e Breogán e o León Dormilón.



✚ En **1º E 2º NIVEL DE PRIMARIA** tamén precisaron moitos fondos sobre os seguintes proxectos:

- ✚ **Proxecto do 1º trimestre: AS ESCOLAS DO MUNDO UNHA GRAN FAMILIA.**
- ✚ **"Escuelas del mundo".** Clémentine Sourdis. Editorial SM.
- **Proxecto do 2º Trimestre: AS MASCOTAS.**
 - **"O meu pequeno animalario"** A XUNGLA E A SABANA", "MARES, RÍOS E LAGOS" E "A MONTAÑA E O BOSQUE". BAÍA EDICIÓN.
 - **"Pregunta á Dra. Peteiro sobre os réptiles e sobre os animais"** BAÍA EDICIÓN.
 - **"Adivinanzas animales"**. Ed. BEASCOA.
 - **"El poni y la amistad"**. SUSAETA
 - **"El oso y la solidaridad"**. SUSAETA.
- **Proxecto do 3º Trimestre: A PREHISTORIA: SOMOS CASTREXOS**
 - **"Chucu viaja a la prehistoria"**. Carmen Gil. Editorial SM.



- -“Dino y Pablo”Loic Dauvillier.Ed Hang.
- -“Croniñón”.Michael Gay.Ed Corimas.
- -“Gran atlas de la historia de la Humanidad”.Ed SM.
- -“¿Qué tal Neandertal?”.José María Domínguez.Ed El Páramo.
- -“Boris y los gigantes prehistóricos”.Joe Lillingtor.Ed SM.
- -“Mi mundo los dinosaurios”.Ed SM.
- -“El periódico de Roma”.Círculo de Lectores.

✚ AULAS ABALAR E EDIXGAL

CIENCIAS SOCIAIS

✚ Historia Antigua – Exipto e Mesopotamia, Mika en el Egipto de los faraones, Tutankamón, La invención de la escritura.

Película “Invictus”- **Me llamo Nelson Mandela**. Traballada en coordinación con Educación Física e Inglés.

“A língua das bolboretas” - A guerra civil española (España século XX)

África – Xeografía dos continentes. **Atlas varios de xeografía**

“Climas e paisaxes do mundo”.- **Yo seré los ojos de la tierra, A paisaxe, El tiempo y sus secretos, Colección Planeta Vivo: Desiertos, Selvas Tropicales, Tierras polares.**

CIENCIAS DA NATUREZA

✚ **Materia e enerxía:** Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe.

- “Fontes de enerxías renovables e non renovables”.
- “Aforro enerxético no fogar”.
- “A luz “

✚ **Os seres vivos :** relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias.

- Ecosistemas, diferentes hábitats dos seres vivos.
- Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.

O ser humano e a saúde: Aparatos do corpo humano.- **El cuerpo humano, Atlas de anatomía, la maravilla de la vida.**

LINGUA: A parte dos libros incluídos no Plan de Lectura Anual tamén traballaron Las Brujas (Roald Dahl) Con traballo do plan lector, visionado de fragmentos da película e decoración da porta da clase. Así como **Tastarabás** de Antón Cortizas .

✚ **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:** a Orientadora e as mestras especialistas de PT e AL empregaron fondos da biblioteca para traballar co alumnado de NEAE e favorecer a atención á diversidade. **Elaboraron Trípticos informativos mensuais** nos que se inclúen os seguintes aspectos, sempre relacionados coas conmemoracións do mes en relación a diversidade:

- Libros recomendados para todos os públicos e para adultos.
- Curtametraxes para todos os públicos e para adultos.
- Películas para todos os públicos e para adultos.

Adaptacións que fixeron: Tendo en conta que o proxecto vehicular deste curso académico, que se propuxo dende a biblioteca, é o cine, para o proxecto que se levou a cabo con unha das alumnas **empregouse como base o libro “Estudio de Animación”**. Editorial Edebé.

Segundo con este mesmo proxecto empregáronse outros libros para traballar diversos aspectos como as personaxes, a historia, as emocións, estes libros foron adaptados ao noso alumnado.


“El cazo de Lorenzo” Editorial Juventud.



“Sacapenas” Editorial Kalandraka.

“¡Sentimientos! Coco y Tula”

Editorial Combel.



Alguns destes ademais foron traducidos a pictogramas.

Un dos proxectos realizados versou sobre o libro “**Matilda**”, libro vinculado ó cinema debido a que foi levado á gran pantalla. O longo do curso fóronse facendo diversas actividades relacionadas con este libro. “**Matilda**” Editorial Alfaguara.

Para fomentar o uso da biblioteca de aula, así como a lectura, creouse un libriño de actividades baseado no conto “¿Quen me quiere adoptar?” “**¿Quen me quiere adoptar?**” Editorial Merlín.



G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

A comunidade educativa estivo implicada neste proxecto participando nas propostas do colexio, organizando actividades de maneira directa e sempre buscando a colaboración e a coordinación coa biblioteca.

Temos que resaltar a alta porcentaxe de familias que colaboran en todas aquelas iniciativas que lles propoñemos e que ronda o 90% de participación activa. Algunhas destas actividades foron: “Unha familia de película” ou “Os soños de Manuel María”, sen olvidarnos do seu importante papel no desenvolvemento do II Festival Cinematográfico e Musical do Pedrouzo” que fixemos o 22 de xuño. Outros exemplos de implicación de toda a comunidade educativa no noso proxecto interdisciplinar anual son os seguintes:

En colaboración coa ANPA: “UN CADRO DE PELÍCULA”: Obradoiro co artista mariñoano **Neyra Broch**, co cal fixemos unha peza artística colaborativa de grandes dimensións, como podedes ver na foto e que agora se pode contemplar na fachada do edificio

En colaboración co programa ALIMENTATE BEN, dentro do Plan Proxecta:

Cada día de reparto de froita contamos cun cartel anunciativo da froita escollida, no cartel ademais aparecían unhas pequenas anotacións nutricionais de dita froita, aportados polo alumnado de primaria despois dunha búsqueda de información, que realizaron a través de recursos dos que dispoñemos na biblioteca do centro, de cada unha das froitas que íamos a consumir.

En colaboración co Proxecto Abalar e Edixgal:

- A actividade da “Maxia da Robótica”, no que experimentamos coa linguaxe de programación, e outras moitas actividades de alfabetizacións múltiples e de integración da biblioteca no currículo que tamén fomos describindo ao longo de toda esta memoria.

En colaboración con Voz Natura:

- A biblioteca selecciona e adquire material bibliográfico para satisfacer as necesidades do profesorado para poder desenvolver este proxecto anualmente.

En colaboración co Concello de Cervo:

- Organización do I FESTIVAL CINEMATOGRAFICO DO PEDROUZO: O concello colabora con nós cedéndonos as instalacións do salón de plenos. Este festival desenvolveuse a finais de xuño e estivo repleto de actuacións cinematográficas, onde o nosos alumnos e alumnas foron os verdadeiros protagonistas. Colofón ao traballo documental que viñeron facendo durante este último trimestre sobre estas películas nas aulas. Foi aberto ao toda a comunidade educativa e veciñanza.

En colaboración coa MICRORREDE DA MARIÑA:

De forma conxunta todos os centros que integramos a MICRORREDE DA MARIÑA celebramos o DÍA DAS LETRAS GALEGAS, baixo o lema “OS SOÑOS DE MANUEL MARÍA”. Esta actividade xa se explicou anteriormente pero aquí deixo o enlace ao blog da MICRORREDE, onde se poden ver tanto os nosos traballos como os traballos de todos os centros integrantes.

<http://microrredeamarina.blogspot.com.es/2016/04/exposicions-nos-centros-educativos.html>

En colaboración cos servizos de formación de profesorado e outros:

- Cursos de formación non presenciais, mediante a plataforma Platega.
- Cursos de formación no propio centro: PFPP con dous itinerarios
- Cursos de formación presenciais organizados polo CAFI en Santiago de Compostela.
- Formación OQO

En colaboración co EDLG: Elaboráronse as PEZAS ÚNICAS (POEMAS DE CINE, xa explicado anteriormente) e máis un **CALENDARIO DE CINE**; no cal cada mes do ano ía relacionado con esta temática: actores, directores, películas, academia do audiovisual, festivais de cine, premios... Cada clase investigou sobre o tema elixido facendo un minucioso traballo de búsqueda de información empregando os recursos do noso blog e da biblioteca. Logo elaboráronse as follas de cada mes, en tamaño A3 e o calendario elaborado repartíuse as familias.

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/2016/01/calendario-2016-un-cole-de-cine.html>

A existencia duns bos canles de comunicación entre o equipo de biblioteca e o resto dos departamentos e a comunidade educativa posibilita o bo desenvolvemento do Proxecto Interdisciplinar anual que coordina a biblioteca. Podemos pois concluír, que a implicación da comunidade educativa na biblioteca é moi alta e o papel que realiza o blog, moi importante posto que grazas a el facemos público o noso traballo cara ás familias. As visitas ao blog aumentan mes a mes, sendo o número a 1 de xuño, de

054 142

visitas e o promedio delas por día é dunhas 60 páxinas.



H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

A difusión dos traballos fíxose no propio colexio, con **exposicións dos traballos** realizados, tanto polo alumnado como polas familias; postas en común e xuntanzas na biblioteca para todo o alumnado, actuacións para as familias ao longo do curso, festival fin de curso, actuación en Viveiro dentro da semana de exposicións da Microrrede de A Mariña para cantar as regueifas.

No **xornal escolar “NIN QUITO NIN POÑO”** que se edita cada curso, hai unha sección adicada ás actividades da biblioteca e ao seu proxecto anual. Mais é a través do **blog da biblioteca, BIBLIOCERVO**, como espallamos o traballo do colexio. Dende a súa creación no ano 2007 sérvenos para difundir o día a día da nosa actividade. Tamén é un banco de recursos, pois nel están centralizados por temas e proxectos, os recursos atopados na web e os creados por nós. Deste xeito, tanto o alumnado como as familias ou a comunidade que segue o blog, pode acceder a eles.

Os **trípticos informativos** e de recomendacións lectoras e cinematográficas achegaron ás familias as suxestións que lles faciamos sobre o proxecto. Nas **Mochilas viaxeiras** tamén introducimos materiais acordes ao proxecto desenvolto, o que nos asegura que todo o alumnado e todas as súas familias teñen acceso aos nosos recursos, o cal favorece a compensación de desigualdades.


Este ano tamén colaboramos coa **CRTVG** e temos expostas as nosas curtas na súa web.

A memoria da biblioteca de do proxecto realizado inclúese na MEMORIA XERAL ANUAL para a inspección educativa e máis lese no seo do consello escolar.

I. AVALIACIÓN.


Para a **Avaliación inicial** do proxecto analizáronse os medios cos que dispoñía o centro e a biblioteca, en particular para ver si estes eran axeitados para o traballo proposto e o cumprimento dos nosos obxectivos. Fíxose unha listaxe das necesidades de fondos a finais do curso pasado para así comezar co necesario.

A **Avaliación Continua:** levámola a cabo durante todo o proceso, analizando como se estaba a desenvolver este. A través dos traballos que se elaboraron e de cada unha das actividades desenvoltas, o equipo de biblioteca nas nosas xuntanzas, puidemos valorar si estabamos indo no camiño adecuado e si acadaban os obxectivos propostos.



Avaliación Final: Levouse a cabo ao finalizar o proxecto para comprobar os resultados do mesmo. No mes de maio pasamos unhas **enquisas**, elaboradas por nós e baseadas no libro "Biblioteca Escolar entre interrogantes", ao alumnado e ao profesorado onde entre moitos outros aspectos de xestión e organización tamén se pedía unha valoración do 1 ao 5 das diferentes actividades coordinadas pola biblioteca, entre elas as referidas ás do Proxecto "3,2,1 Acción: Un cole e película". Como se pode apreciar no gráfico, todas están moi ben valoradas.

Valoración **en canto á tipoloxía das actividades:**



En canto ás competencias:

A nivel de **competencia lingüística** este proxecto permitiulles aos estudantes expresar emocións, experiencias e mellorar a capacidade de estruturación do pensamento facendo un discurso coherente e cohesivo. Tamén se mellorou a expresión oral a través dos clubs de lectura, da posta en común dos traballos ALFIN e da grabación de son. Potenciouse a autoestima, a capacidade de síntese a través dos resumos e das fichas de animación. O alumnado desenvolveu o hábito lector, a capacidade de observación, investigación, expresión, aumentando o léxico referido ao cine e ás producións audiovisuais. Na expresión escrita, a tipoloxía textual máis empregada foron os textos instrutivos para a creación das nosas curtas, as lendas, a biografía, os poemas, as rimas e tamén os resumos, o diálogo e a entrevista. A competencia **matemática** traballouse a través do razoamento, a discusión, a formulación de hipóteses, a dedución, a experimentación, a construción de pequenos proxectos baseados en películas e a secuenciación e temporalizacións das escenas dos storyboard. Na competencia no **coñecemento e na interacción co mundo físico**, a biblioteca facilita a interacción co mundo físico a través dos fondos de consulta, ampliando e substituindo a información limitada dos libros de texto. A competencia de **tratamento da información e competencia dixital** traballouse fomentando a capacidade para buscar, obter, procesar e xestionar información en diferentes soportes e transformala en coñecemento. Traballo con páxinas web e outros recursos TIC e saber extraer informacións relevantes para a realización de tarefas. A competencia **social e cidadá** acádase cunha boa organización para facer o traballo colaborativo. A competencia **cultural e artística**, ao demostrar unha conciencia crítica ante diferentes manifestacións artísticas feitas por profesionais ou os mesmos compañeiros. Apreciar o patrimonio lingüístico, gozalo e consideralo como parte da nosa herdanza cultural. Competencia para **aprender a aprender**, sendo consciente das habilidades que toman parte no proceso de aprendizaxe e aprendendo a manexalas para paulatinamente ir adquirindo máis autonomía á hora de aprender. A biblioteca do noso centro parécenos o lugar máis axeitado para o desenvolvemento desta competencia e a Competencia para a **autonomía e iniciativa persoal**, traballouse poñendo en práctica os valores e as actitudes persoais adecuadas para a formación de criterios propios, opcións persoais e plans que fomenten o desenvolvemento óptimo de diferentes tarefas.

En canto ao Blog: BIBLIOCERVO: <http://bibliocervo.blogspot.com.es/> Para avaliar a actividade do blog tivemos en conta o número de visitas diarias, as publicacións que se realizan, as estatísticas e tamén lle aplicamos unha rúbrica para analizar a súa calidade e os resultados obtidos foron moi positivos. Ademais podemos concluir que as visitas ao blog aumentan cada vez que hai novas publicacións, que as visitas son de todas as partes do mundo e que as visualizacións son tanto das entradas como dos enlaces e recursos que ofrece o blog. Finalmente, e recollendo as opinións e comentarios das familias, alumnado e profesorado, podemos dicir que foi un proxecto que entusiasmou a toda a comunidade educativa, tocáronse moitos conceptos e contidos de todas as áreas, traballouse de forma cooperativa e intercurso, todo o profesorado se implicou activamente, do mesmo xeito que o resto da Comunidade Educativa e os resultados foron sorprendentes!

J. FUNCIÓN DA BIBLIOTECA NO PROCESO.

A biblioteca escolar tivo a función principal en todo o desenvolvemento do proxecto, xa que actúa de motor dinamizador e cultural da nosa comunidade. Ademais, dende que pertencemos ao PLAMBE, o proxecto interdisciplinar da biblioteca pasou a integrarse no proceso de E-A plenamente e a ser o núcleo de todas as actividades do centro e todo o claustro se implica na súa posta en práctica. Deste xeito acadamos uns obxectivos que tiñamos marcados dende o inicio: *Potenciamos e melloramos a coordinación do profesorado do centro a través do plan lector e das distintas propostas da biblioteca e tamén melloramos a práctica docente a través da metodoloxía de proxectos e as alfabetizacións múltiples.* A biblioteca a través do seu equipo, planificou e programou as actividades, preparou materiais, centralizou recursos, xestionou e buscou asesoramento sobre o tema do cine, púxose en contacto cos artistas e colaboradores externos que participaron. Tamén foi o lugar físico onde nos reuniamos para facer as exposicións e postas en común, os traballos de investigación, a formación e educación documental sobre o cine. Ao longo do curso, a biblioteca foi a referencia do colexio. Por outra banda, facilitou os fondos e recursos, puxo á disposición do profesorado e do alumnado todo canto material tiña e deuno a coñecer a través de exposicións, das mochilas viaxeiras e das caixas dos itinerarios lectores. Elaborou folletos con recomendacións lectoras e cinematográficas que repartiu ao alumnado e ás familias. Tamén se encargou de facer a avaliación do proxecto, ao longo do seu desenvolvemento e ao final, e deu a coñecer os resultados ao equipo docente. O seu papel, como se pode ver, foi fundamental para que este proxecto chegase a bo término. Rematamos co enlace á páxina web onde están aloxados os materiais e onde se poden ver todas as actividades deste proxecto: <https://sites.google.com/site/uncoledepelicula/>
En Cervo, a 28 de xuño de 2016

A Responsable da biblioteca:

Vº e P. do Director:

Belinda Blanco Fernández

Manuel Raúl Martínez Herrero